

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN TEMPORAL PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE REDONDELA

ARTIGO 1.—CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola utilización temporal privativa ou aproveitamento especial de edificios, locais e instalacións do Concello de Redondela, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa dos edificios, locais e instalacións de carácter público que se establezan na correspondente ordenanza reguladora para actividades socioculturais, deportivas, de solidariedade, conferencias, celebracións, cursos, lecer, ou calquera outro compatible coa finalidade pública de devanditos bens.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo favor se outorguen as correspondentes autorizacións municipais para a utilización privativa do ben público.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.—EXENCIÓNS

Non se concederán exencións a favor das persoas ou entidades que realicen actividades con ánimo de lucro ou nas que se cobre unha entrada ou cota por participar agás as de carácter benéfico de acordo co presente artigo.

Están exentos da taxa cando as actividades se realicen:

1. A proposta, iniciativa ou en colaboración co Concello de Redondela.
2. Polos grupos políticos, agrupacións de electores e sindicatos.
3. Polas asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

ARTIGO 6.—COTA TRIBUTARIA

As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Auditorios Multiusos Redondela e Chapela

— Durante o horario de apertura, por cada hora ou fracción: 20 €

— fora do horario de apertura, por cada hora ou fracción: 40 €

— Por día completo: 100 €

Aulas Multiusos Redondela e Chapela e a Casa da Cultura.

— Durante o horario de apertura, por cada hora ou fracción: 7 €

— fora do horario de apertura, por cada hora ou fracción: 14 €

— Por día completo: 80 €

Salas de exposicións

— 15 € por día

ARTIGO 7.—DEVENGO

A taxa devéngase coa concesión da autorización de uso conforme ao procedemento establecido ao efecto na presente ordenanza.

ARTIGO 8.—XESTIÓN

No momento de comunicar a concesión do uso da instalación, deberá ingresarse nunha conta bancaria de titularidade municipal, o importe da taxa correspondente, sen que, en ningún caso, se proceda á apertura de ditas instalacións sen presentar a correspondente autorización e o xustificante de ingreso ante a persoa responsable.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a aprobación definitiva desta Ordenanza unicamente poderá interperse recurso contenciosoadministrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia